Acta da sesión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do día 26 de setembro de 2024

[PLG/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos,** o día **26 de setembro de 2024, ás 16:00 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Carmen María Pomar Tojo
(Presidenta)
José Luis Ferro Iglesias
(Vicepresidente)
Paulo Ríos Santomé
(Secretario)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Cristina Campero Dorado
María Deza Martínez
Rubén Lorenzo Gómez
Argimiro Marnotes Fernández
Roberto Rodríguez Martínez
Gonzalo Trenor López
Katherinie Varela Fernández
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Xosé Luís Bará Torres
Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Valcárcel Armesto
Sonia Vidal Lamas
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Paloma Castro Rey
Patricia Iglesias Rey
(en substitución de Carlos López Font)
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Comparecentes:
Director xeral de Planificación Enerxética e Minas
Secretario xeral de Vivenda e Urbanismo

Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle ao secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución así como as substitucións pertinenetes.

Logo da constatación deste a Presidencia dá conta da entrada no Rexistro do doc. núm. 11943, no que o G.P. do Bloque Nacionalista Galego solicita o aprazamento da proposición non de lei da súa autoría doc. núm. 617 (2.1). Aprazamento que se acepta por asentimento.

2.1 617 (12/PNC-000046)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e 2 máis
Sobre as actuacións que debe abordar a Xunta de Galicia co fin de mellorar e completar o servizo de saneamento dos concellos polos que discorre o río Tea
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9f2, do 11.04.2024

Punto 1. Preguntas

1.1 6871 (12/POC-000910)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre o estado da tramitación do proxecto de conversión da antiga canteira Pedra Facha, en Val do Dubra, nun vertedoiro a ceo aberto, a súa afección á poboación e ás explotacións gandeiras da contorna e o nivel de emprego que vai xerar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 52, do 23.07.2024

Intervén a **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** para expoñer as razóns nas que se basean as cuestións que figuran na súa iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente citado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **director xeral de Planificación Enerxética e Minas (Consellería de Economía e Industria), Pablo Fernández Vila.**

Na rolda de réplica a **señora Iglesias Rey (S)**, manifesta diversas consideracións discrepantes coa información aportada polo señor director xeral e reitérase nalgunhas cuestións xa expostas por considerar que non foron contestadas.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención do **director xeral de Planificación Enerxética e Minas, señor Fernández Vila,** que reitera e amplía o manifestado na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza do señor Fernández Vila nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas.

PARLAMENTO DE GALICIA

1.2 7724 (12/POC-001305)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre os datos referidos ao desenvolvemento da convocatoria de 2024 de axudas da Xunta de Galicia ao alugamento de vivenda habitual
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 67, do 14.08.2024

A **señora Fernández Gómez, Alexandra (BNG),** dá conta das razóns que motivaron a formulación desta pregunta, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

Pasa a contestar esta pregunta, en nome da Xunta de Galicia, o **secretario xeral de Vivenda e Urbanismo (Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas), Heriberto García Porto.**

En rolda de réplica, a **señora Fernández Gómez (BNG),** manifesta a súa insatisfacción e inquedanza ante a información facilitada e expón novas consideracións a respecto dela.

O **secretario xeral de Vivenda e Urbanismo, señor García Porto,** pecha o debate desta iniciativa puntualizando os datos amosados na súa anterior intervención.

1.3 8135 (12/POC-001473)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Deza Martínez, María e 8 máis
Sobre as consecuencias que está a producir no mercado inmobiliario galego a Lei 12/2023, do 24 de maio, polo dereito á vivenda
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70f2, do 23.08.2024

A **señora Deza Martínez (P)**, procede á defensa da iniciativa ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia, contéstalle o **secretario xeral de Vivenda e Urbanismo (Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas), Heriberto García Porto.**

En rolda de réplica a **señora Deza Martínez (P),** agradece a información aportada polo secretario xeral, sobre a que expón novas consideracións.

Pecha o debate desta iniciativa o **secretario xeral de Vivenda e Urbanismo, señor García Porto**, ampliando a información aportada na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza do señor García Porto nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

PARLAMENTO DE GALICIA

Punto 2. Proposicións non de lei

2.2 6098 (12/PNC-000737)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que impulse a realización das infraestruturas viarias xa comprometidas en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43f1, do 26.06.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de adición por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 11931), da que obvia a súa lectura, dado que se enviou copia aos distintos portavoces.

A continuación concédelle a palabra ao **señor Rodríguez Martínez, Roberto (P)**, que procede á defensa e formulación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda de grupo parlamentario emendante a **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** refire as razóns polas que o seu grupo presentou esta emenda, logo de matizar moitas das argumentacións expostas polo señor propoñente.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes, tanto o **señor Ojea Bouzo, Armando (M)** como **o señor Ríos Santomé, Paulo (BNG),** tras matizar algunhas das argumentacións expostas polo señor propoñente, xustifican o apoio dos seus respectivos grupos parlamentarios á devandita proposta.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, o **señor Rodríguez Martínez (P**), logo de agradecer o apoio amosado polos voceiros dos GGPP Mixto e Bloque Nacionalista Galego, argumenta as razóns polas que non acepta a emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia.

2.3 9614 (12/PNC-000936)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos
Sobre as obras que o Goberno galego debe levar a cabo na estrada PO-213 para garantir a seguridade viaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 78f1, do 06.09.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 11930), da que obvia a súa lectura, dado que se enviou copia aos distintos portavoces.

Deseguido concédelle a palabra á **señora Castro Rey, Paloma (S),** quen expón os motivos nos que se basea a proposición non de lei ampliando os que se conteñen na súa

PARLAMENTO DE GALICIA

publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, ao tempo que posibilita unha transacción coa emenda presentada.

Na rolda de grupo parlamentario emendante, o **señor Rodríguez Martínez, Roberto (P**), defende a emenda do seu grupo e refire as actuacións que se están a levar a cabo dende Xunta de Galicia, que poñen de manifesto que o solicitado na iniciativa xa se está executando, e agradece a boa disposición da señora propoñente para posibilitar un texto transaccioado.

Na rolda do grupos parlamentarios non emendantes o **señor Ojea Bouzo (M)** declina facer uso da mesma.

Nesta mesma rolda o **señor Bará Torres, Xosé Luis (BNG),** expón as argumentacións do seu grupo parlamentario a respecto desta proposta, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas polo voceiro do grupo emendante.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida a **señora Castro Rey (S),** logo de comentar as argumentacións dos voceiros que a precederon no uso da palabra, incide na importancia de acadar unha transacción.

A Presidencia suspende brevemente a sesión ás 17.25 horas para facilitar que os grupos estuden unha posible transacción.

Reiniciada a sesión ás 17.30 horas, a presidenta procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

2.2 6098 (12/PNC-000737), do **G.P. Popular de Galicia.** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **aprobado pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a demandar do Goberno de España un compromiso real e efectivo para a realización de infraestruturas vitais para a nosa comunidade ante o que é unha falta de avances das infraestruturas viarias comprometidas polo Estado en Galicia e un agravio comparativo respecto a outras comunidades.»

2.3 9614 (12/PNC-000936), do **G.P. dos Socialistas de Galicia**. A señora Castro Rey dá lectura á transacción acadada entre o texto da proposición non de lei e a emenda do G.P. do Popular de Galicia (doc. núm. 11930), que sometida a votación resulta **aprobada pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

PARLAMENTO DE GALICIA

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a, logo dun estudo da situación actual do trazado da PO-213, para incorporar posibles medidas orientadas a incrementar a seguridade viaria, como incrementar o ancho, mellorar o seu trazado e a situación do firme.
E a aumentar a periodicidade do mantemento que elimine o exceso de maleza.»

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a colaboración dos membros da Comisión e dos servizos da Cámara, e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 18:40 horas.

Carmen Pomar Tojo

V.º B.º
Carmen María Pomar Tojo
Presidenta da Comisión

Firmado digitalmente por Carmen Pomar Tojo
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Carmen Pomar Tojo, email=carmen.pomar.tojo@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.02.03 14:15:10 +01'00'

Paulo Ríos Santomé

Firmado digitalmente por Paulo Ríos Santomé
Fecha: 2025.02.03 12:02:24 +01'00'

Paulo Ríos Santomé
Secretario da Comisión